

CIRCULAR INFORMATIVA

Prezadas familias,

Segundo a ORDE do 6 de maio de 2021 pola que se regula a **participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2021/2022 (código de procedemento ED330B) (*Diario Oficial de Galicia do 20 de maio de 2021*) emitimos a seguinte información:

DESTINATARIOS

- **Fondo solidario de libros de texto:** **alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP.**
- **Axudas para adquirir libros de texto:** **alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e en educación especial (EE);** así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído na disposición adicional primeira (discapacidade \geq 65%) e na disposición adicional segunda (necesidades específicas de apoio educativo -NEAE-).
- **Axudas para adquirir material escolar:** **alumnado matriculado en EP.**

Para poder participar na convocatoria deberán devolverse os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2020/21 en perfectas condicións.

PRINCIPAIS NOVIDADES DA CONVOCATORIA

As **novidades** máis salientables desta convocatoria son:

- **A devolución e recollida de libros do curso 2020-2021 poderá realizarse ata o 22 de xuño.**
- **A entrega dos libros do fondo solidario do curso 2020-21 que lle corresponden a cada alumno/a** realizarase tanto para EP como para a ESO, preferentemente en **setembro**, debido a que son libros que estiveron manipulados por diferente alumnado e hai que

deixar un prazo prudencial antes da súa nova entrega, pois está así aconsellado polas autoridades sanitarias.

FORMA DE PRESENTACION

- Presentación no centro.
- Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

A solicitude será única para todos os fillos/as. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación fondolibros, será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno aínda que estean no mesmo centro.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Anexo I. Entrégase copia no centro.
- Anexo II. Entrégase copia no centro.
- Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.
- En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
- Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.
- Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou grada da Xunta de Galicia.
- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai ou a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.

Cando a documentación se presente no centro docente, achegaranse fotocopias e os respectivos orixinais para proceder ao seu cotexo.

PRESENTACIÓN

O prazo para presentar as solicitudes irá do 21 de maio ata o 22 de xuño de 2021 (incluído).

ASIGNACIÓN DE LIBROS E CONTÍA DE AXUDAS

ALUMNADO DE 3º,4º,5º E 6º de Educación Primaria:

- Alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000€: seis libros de texto.
- Alumnado con renda per cápita familiar superior a 6000€ e igual ou inferior a 10.000€: catro libros de texto.
- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: seis libros, con independencia da renda.

Alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria:

- Alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000€: 210 €.
- Alumnado con renda per cápita familiar superior a 6000€ e igual ou inferior a 10.000€: 140€.
- Alumnado matriculado en EE, en centros específicos ou en unidades de EE de centros ordinarios, ou cunha discapacidade igual ou inferior ao 65%, a contía de axudas será de 275€, con independencia da renda per cápita da unidade familiar.
- Para o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o importe da axuda será o maior correspondente ao ensino e curso en que estea matriculado, con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo de 3º,4º,5º e 6º de Educación Primaria:

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000€: 210€.
- Renda per cápita familiar superior a 6000€ e igual ou inferior a 10.000€: 140 €.

A contía de axuda para adquirir **MATERIAL ESCOLAR** destinado a alumnado matriculado en Educación Primaria con **renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000€ será de 50€.**

Alumnado que estea en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de Educación Especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

RENDA PER CÁPITA

A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de **dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2019 entre o número de membros computables**, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou equivalente de clases pasivas.

A renda da unidade familiar será o resultado de **sumar as rendas de cada un dos membros computables** da familia que obteñan ingresos de calquera natureza.

Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no **exercicio fiscal 2019**, sumaranse a base imponible xeral **(recadro 435)** e a base imponible do aforro **(recadro 460)**; cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

Deixámosvos o enlace ao [Orde de maio de 2021](#) onde atoparedes toda a información.

Quedamos á vosa disposición para resolver todas aquelas dúbidas que poidan xurdir.

Recibide un cordial saúdo.

En Baltar, a 21 de maio de 2021

O equipo directivo